

ACORDOS DO COMITÉ DE XIMNASIA ACROBÁTICA

Ourense, 08 de Setembro do 2025

1. **NORMATIVA COPA GALICIA INTERNACIONAL 2026.**

Os cambios aprobados na normativa da Copa Galicia Internacional 2026 atópanse no arquivo adxunto. Proponse a data prioritaria do 20-21-22 de febreiro para a súa celebración e como segunda opción, en caso de no ser viable a primeira opción, 27-28 febreiro e 01 marzo. As opción de sede que se baraxan, dependendo da dispoñibilidade de instalación e custe da mesma, son Vigo e Pontevedra.

Incorpórase nesta edición as categorías junior e senior Base con libre inscrición aos clubs galegos e limitada para o clubs foráneos. Incorpórase aplicar un porcentaxe de desconto aos os clubs que inscriban xuíz de rango internacional e que asistan con ximnastas participantes, na tempada anterior, en competicións internacionais do calendario FIG.

2. **NORMATIVA ESCOLAR 2026.**

Adxúntase a normativa Escolar axustada aos cambios acordados para o 2026.

3. **SUXERENCIAS E PREGUNTAS.**

Propoñense as seguintes datas para a celebración dos eventos autonómicos:

- Copa Base/Élite alevín-infantil e Escolar: Abril. A competición celebrarase en solo de foam.
- Campionato Galego Élite e Base: Maio
- Campionato Galego Escolar: Xuño

Infórmase que na vindeira reunión de Comité, que se celebrará en xaneiro do 2026, trataranse os proxectos de tecnificación para 2026 unha vez aprobados os orzamentos en Asamblea.